Información e contacto

Dirixido a médicos/as colexiados/as no Colexio de Médicos de Ourense durante máis de 6 meses, incluíndo o ano 2026.

Traballos inéditos e orixinais.

Admitiranse traballos en calquera dos idiomas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Extensión máxima: 50 folios DIN-A4.

CONTACTO

988 210 593

colegiomedico@cmourense.org

www.cmourense.org

A participación supón a aceptación destas bases.

Fundación Galenus Auriensis

125 1901-2026

ilustre colexio oficial de médicos de ourense

XXXXII

PREMIO MANUEL CABALEIRO GOÁS

Convocado pola Fundación Galenus Auriensis e o Colexio Oficial de Médicos de Ourense

Premio:
2.500 € e diploma

Mención especial:
500 € e diploma honorífico

Prazo de entrega:
ata as 12:00 h do
30 de outubro de 2026

Traballos médico-científicos e de investigación

Bases do premio

1 Participación

Poderá participar calquera médico ou médica que estea colexiado/a no Colexio de Médicos de Ourense durante un período superior a seis meses, sempre que inclúa o ano 2026.

2 Tema do traballo

Libre, pero deberá ter carácter médico-científico e de investigación.

3 Criterios de valoración

Avalianse especialmente a calidade científica, a innovación e o impacto clínico-social do traballo.

4 Premios

- **Premio:** 2.500 € e diploma.
- **Mención especial:** se a calidade dalgún traballo o merece, poderá outorgarse unha mención especial dotada con 500 € e diploma honorífico.

5 Requisitos de presentación

- Extensión máxima: 50 folios numerados, tamaño DIN-A4.
- Texto escrito a unha soa cara, con interliñado de 1,5 e fonte Times New Roman ou Arial a tamaño 14.
- Admitiranse traballos en calquera dos idiomas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Os traballos deberán ser inéditos e orixinais.

Presentación e tribunal

ilustre
colexio oficial de médicos
de ourense
1901-2026

1 Forma de entrega

- Os traballos presentaranse en formato dixital, ben mediante entrega física ou enviados por correo electrónico a: **colegiomedico@cmourense.org.**
- Non poderá aparecer ningunha referencia que permita identificar o/as ás autores/as.
- Os traballos deben incluír unha portada co título e un lema.
- Acompañarase un sobre pechado, co lema escrito no exterior e, no interior, os seguintes datos: nome e apelidos do/a autor/a ou autores/as, e os seus respectivos números de colexiación.

Se a entrega se realiza por correo electrónico, a identificación da autoría deberá remitirse nun arquivo independente, equivalente ao sobre pechado.

2 Prazo e resolución

- Prazo de entrega: non se admitirán traballos entregados despois das 12:00 horas do 30 de outubro de 2026.
- O premio poderá ser declarado deserto se os traballos presentados non acadan a calidade requirida.
- O fallo darase a coñecer na última quincena do mes de decembro de 2026.
- A entrega de premios realizarase en data que se determinará con posterioridade.
- Autorizase a publicación dos traballos presentados.
- A particpación supón a aceptación destas bases.

3 Tribunal

Presidente/a: O/A Presidente/a do Colexio de Médicos de Ourense.

Vogais:

- O/A Xefe/a Territorial da Consellería de Sanidade ou o seu equivalente regulamentario.
- O/A Presidente/a da Academia Médico-Quirúrxica.
- O/A(s) Vicepresidentes/as designados/as polo ICOMOu.
- O/A Decano/a da Facultade de Medicina.
- Un membro designado do Grupo de Formación Continuada do ICOMOu.
- O/A Director/a Médico do CHUO ou o seu equivalente regulamentario.
- O/A primeiro/a asinante do traballo gañador na edición anterior do premio.

Secretario/a: O/A Secretario/a do Colexio de Médicos de Ourense.

O/A Secretario/a limitarase a levantar acta da reunión do Tribunal, carecendo de voz nas deliberacións e de voto. En caso de empate decidirá o voto de calidade do Presidente/a.

Se por motivos xustificados algún dos membros do Tribunal non puidese asistir á reunión, deberá remitiro seu voto en sobre pechado ao secretario, que o abrirá no momento da deliberación. As decisións do Tribunal serán inapelables, salvo incumprimento das bases.